

11

Obxectivos desta unidade

- Datar momentos e acontecementos da nosa vida
- Referirse a condicións e circunstancias históricas
- Mostrar aprobación ou desaprobación e acordo ou desacordo
- Relatar feitos do pasado próximo

Lémbreste?

Coñecemento do código

- Verbos pronominais
- Usos do pretérito e do copretérito de indicativo
- Infinitivo, xerundio e participio
- Acentuación III: esdrúxulas





ACTIVIDADE INTRODUTORIA

1. HISTORIAS PARA NON DURMIR

A. Cando nos referimos a un acontecemento como “unha lenda”, sabes que quere dicir? Que é, logo, unha lenda para ti?

B. Descubre os intrusos! Nestes textos hai catro historias que forman parte do imaxinario popular galego e outras dúas que non. Fai as túas apostas e intenta descubrir cales son as galegas?

Para saber máis...

<http://www.galiciaencantada.com/>
<http://es.geocities.com/mrivaxa/>

Miranda, X., Reigosa, A. e Cuba, X. R. (1999): *Diccionario dos seres míticos galegos*, Vigo: Xerais.

Miranda, X., Reigosa, A. e Cuba, X. R. (2001): *Pequena Mitoloxía de Galicia*, Vigo: Xerais.

Conde, Alfredo (2004): *Romasanta. Memorias incertas do home lobo*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Película: *Romasanta. A caza da besta*. (2004).
 Director: Paco Plaza. Elenco: Elsa Pataky, Julian Sands e Gary Piquer.



O LOBISHOME

Ao longo da historia houbo algúns homes e mulleres que se converteron en lobos por algunha maldición e meigallo ou porque naceron na noite de Nadal. Estas persoas volvíanse lobos de noite e atacaban a xente ata que alguén os fería ou mataba. O lobishome máis famoso é Manuel B. Romasanta, que confesou que matara trece persoas.

Cóntase tamén que noutra aldea que estaba no alto dunha montaña vivía xente que lle tiña moito medo aos lobos. Estes animais atacaban pola noite, por iso os veciños facían fogueiras para espantalos en canto se poñía o sol. Aínda así, unha rapaza foi atacada por un, pero o seu cuñado chegou a tempo e pegoulle un tiro.

Un día a rapaza decidiu marchar a outro lugar coa súa irmá e mais co cuñado que matara o lobo pero, polo camiño, o home da irmá comeunas ás dúas. O asasino fuxiu e os ósos dos cadáveres quedaron alí. Cando os descubriron decatáronse de que os lobos non as mataran, senón que fora aquel home, que namoraba as mulleres e logo comíaas como se fose un animal.



A PRINCESA FEITICEIRA E O HEROE NAVEGANTE

Había unha vez unha princesa que era unha maga cruel, hipócrita e celosa. Todas as mañás ía á montaña en busca de plantas venenosas e á noite dedicábase a elaborar misteriosas e maléficas apócemas.

Esta muller, que era filla do Sol, quería gobernar soa, polo que se librou moi pronto do rei cunha das súas bebidas venenosas. Máis tarde os homes da vila, que non querían ser gobernados por unha raíña homicida do seu esposo, botárona fóra do país.

Logo, esta feiticeira marchou e foi vivir a un lugar preto do mar, onde atraía cos seus encantos os imprudentes mariñeiros para convertelos en animais.

Un día de tempestade chegaron a esta costa uns viaxeiros que andaban á deriva polo océano. A princesa transformounos en porcos excepto a un, que se salvou coa axuda dun deus. Daquela, este home foi onda a princesa e enfrontouse a ela, pero o resultado foi que se namoraron. El quedou alí durante un ano mentres na súa terra o agardaban o fillo e a muller, que tecía e destecía na súa espera



O SANTO ANDRÉ DE TEIXIDO

Hai un santuario famoso preto do mar ao que ían os habitantes de todo o país, e aínda moitos das rexións veciñas. Este santuario é o de Santo André de Teixido e segundo o dito, alí *vai de morto quen non vai de vivo*.

Hoxe en día é fácil chegar ata el, mais antigamente era moi difícil porque non se podía ir en coche. Por iso había xente que non daba ido de vivo e tiña que ir despois de morrer. Entón as súas almas ían a este santuario no corpo dos animais que subían polo camiño, e ninguén debía matalos se os atopaba.

O Santo André, que estaba naquel lugar illado, andaba triste ao ver as grandes peregrinacións que de todas as partes do mundo ían camiño de Compostela para facer oración diante do Apóstolo Santiago. En cambio a súa igrexa estaba baleira, malia que el tamén facía milagres e sandaba males.

E disque, segundo conta a lenda, o bo do Santo André vagaba apesado polos camiños. Un día topouse con Deus, Noso Señor, que viñera á nosa terra para ver como andaban as cousas, e ao velo así preguntoulle:

— Véxote tristeiro André, que é o que che pasa?

E Santo André respondeulle:

— Divino Mestre: ninguén vén camiñando a pé ao meu santuario, que está baleiro, coma se eu non fose tamén o voso discípulo fiel.

E Deus, mirándoo con agarimo, díxolle entón:

— Dixeches ben, André, e ti non serás menos ca Santiago. De hoxe en diante prométoche que ninguén entra no ceo se non foi ao teu santuario, polo menos unha vez na vida. E aquel que non o faga de vivo, farao despois de morto.

E así foi, e por iso se di:

*A San André de Teixido,
vai de morto o que non vai de vivo*





A SANTA COMPAÑA

Foi unha vez que un pai e mais un fillo viñan dunha viaxe e tiveron a desgraza de se atopar coa Santa Compañía, que ao ser as doce da noite saía do cemiterio para facer a súa rolda.

Pai e fillo viron arrepiados as luces que levaban estas almas en pena e oíron os seus rezos. Tiñan tanto medo que quixeron fuxir correndo, pero o vello, xa canso e sen forzas, caeu ao chan. O fillo chegou un pouco máis lonxe, pero tampouco se librou; sen dúbida, colléao a Santa Compañía para levar a cruz e a auga santa. O rapaz atopárono logo os veciños coa cara tan branca que semellaba un defunto. O pai apenas tardou tres días en morrer e o fillo durou pouco máis tempo. Ninguén conseguiu que dixese nada do que pasou, porque o que vai cos defuntos, aínda que queira, non pode dicir o que ve nin o que lle mandan facer, e tampouco quen é o que o fai: non pode virar a cabeza para ver o que leva detrás de si, por iso ninguén dá explicacións nunca.

O único que lle é doado facer ao que se atopa coa Santa Compañía, se é quen nese momento, é debuxar un círculo no chan cunha cruz e meterse dentro para protexerse.

UN PODEROSO ANEL

Nun buraco da terra vivía un personaxe que nunha das súas aventuras atopou un anel aparentemente inocente.

Este ser tiña un amigo moi bo que era Mago e que descubriu que se trataba dun poderoso e exclusivo Anel. O lugar onde vivían estaba en grave perigo porque o Mal se ía apoderar de todos os seus habitantes. Para evitalo tiñan que destruír esta xoia e intentar que non fose parar ás mans dun home malvado. Ademais, o seu Reino estaba desfeito e para restauralo había que atopar un herdeiro lexítimo para ser o novo rei.

Pero había aínda máis dificultades xa que o Mal estaba no Anel. Quen o atopou comezou a sentirse débil cando o sacou do dedo, polo que o Mago lle recomendou que o tirase. Entón el decidiu desaparecer do lugar e facerlle un regalo de aniversario especial ao seu sobriño. Este agasallo era o Anel Único...

A TRABE DE OURO E A TRABE DE ALCATRÁN

Estabamos unha noite no muíño do tío Xan da Barca cando o señor Bastián de Paradela preguntou:

—Ai! Señor Cibrao! É certo que había nun monte unha mouro encantada, e que tiña un tesouro, e que saía peiteando os cabelos cun peite de ouro, e que din que lle dará o tesouro todo a quen lle recolla o peite do chan cando lle caía das mans?

—É certo -respondeu o señor Cibrao.

—E vostede viuna?


—Vin, si. Vina unha mañá cedo, ao romper o día.

No couto de Lourido había un tesouro moi grande. Había un madeiro que era de ouro e outro que era de alcatrán. Se chegabas ao de ouro facíaste rico, pero se collías o de alcatrán, entón ardía todo cun lume moi grande. A muller mouro, que estaba alí peiteando o seu pelo, levábase por debaixo da terra ata onde había dous camiños que se apartaban. Un ía dar ao tesouro e o outro ao alcatrán, así que había que escoller con tino. Pero se lle roubabas o peite de ouro á mouro, entón era seguro que acababas no camiño incorrecto, e alí queimábase todo.

—E esta muller, cando aparecía?

—Pois a mouro aparecía o venres, pola mañá cedo, antes de abrir o día. Tan axiña como saía o sol desaparecía e xa non volvía. Tamén se podía ver outros días, pero o seguro é que saíse o venres, que é o día santo que eles teñen, coma nós o domingo...

*Fragmento adaptado dun
texto de Vicente Risco*



C. Agora que xa falastes de cales eran as lendas galegas, vólveas ler reparando nos personaxes que aparecen nelas.

D. Quen son os personaxes protagonistas nas historias que aparecen? Serías quen de asociar estas imaxes con cada texto?



Imaxe A



Imaxe B



Imaxe C



Imaxe D



Imaxe E




Imaxe F

GRAMÁTICA E LÉXICO: PRÁTICAS GUIADAS

2. VIDAS DE PELÍCULA

A. Oíches falar algunha vez destes dous artistas galegos: Carlos Núñez e Antón Reixa? Le as súas vidas e vólveas redactar poñendo os verbos en pasado.



Personaxe A

Nace en Vigo en 1957. Estuda Filoloxía Galega, aínda que ten profesións moi diversas. É escritor, fai de cantante, dedícase á dirección de películas, etc. Como poeta bebe da crítica posmoderna do “Grupo de Comunicación Poética Rompente”. Con eles escribe libros como *A Dama que Fala*, *Silabario da Turbina* e *As Ladillas do Travesti* e fai recitais e *happenings* por toda Galicia.

En 1984 crea o grupo “Os Resentidos”, xunto con Alberto Torrado e Javier Soto. O noso personaxe é o que fai os textos e canta. A súa canción máis popular é "Fai un sol de carallo" (1986), e o seu mellor disco é *Jei* (1990), elixido pola revista musical *Rockdelux* como mellor disco nacional dese ano. Tamén forma parte da movida madrileña e colabora co grupo “Siniestro Total”.

En 2002 vemos a súa primeira película como director, *O lapis do carpinteiro*, inspirada no libro co mesmo título do escritor galego Manolo Rivas.

Personaxe B

Nace en Vigo en 1971. Este músico, que comeza a tocar a gaita con oito anos, é considerado un dos mellores gaiteiros do mundo.

En 2004 participa na banda sonora da película *Mar Adentro*, do director Alejandro Amenábar.

Aos doce anos xa toca como invitado coa Orquesta Sinfónica de Lorient e en 1989 grava a banda sonora dunha película xunto ao grupo irlandés “The Chieftains”, cos que segue colaborando ata ser coñecido como “*o sétimo Chieftain*”. Completa a súa formación no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid, onde obtén un Premio Extraordinario Fin de Carreira (*Cum Laude*) no instrumento da frauta de pico.

É un estudoso incansable da música celta e no panorama internacional considérase que é un erudito do tema. As súas investigacións seguen basicamente dúas liñas relacionadas entre si: a orixe da música celta e a súa fusión coas músicas do mundo actuais. O seu interese polo tema lévao a percorrer diversos lugares e a relacionarse con músicos e artistas de diferentes países. Ten ademais unha prolífica discografía: *A Irmandade das Estrelas* (1996), *Os amores libres* (1999), *Mayo Longo* (2000), *Almas de Fisterra* (2003), *Cinema do mar* (2007), etc.

B. Sabes a cal dos dous lle corresponde cada historia? Se non é así, intenta investigar un pouco na rede para adiviñalo. Tamén lle podes facer preguntas á túa profesora ou profesor, seguro que che pode dar pistas!

C. Nas lendas que liches nesta unidade aparecen verbos en pasado. Saberías clasificalos segundo sexan pretêritos ou copretêritos? Faino seguindo este esquema.

PRETÉRITOS	
1ª conjugación:	chegaron, confesou...
2ª conjugación:	naceron, houbo, convertéronse...
3ª conjugación:	decidíu, fuxíu...

COPRETÉRITOS	
1ª conjugación:	estaba, mataba...
2ª conjugación:	había, comía...
3ª conjugación:	fería, ían...



D. Coñeces algunha lenda tradicional do teu país? Escribea e logo cóntalla ao resto da clase. E algún personaxe famoso e importante? Fálalle aos teus compañeiros e compañeiras del para que descubran quen é.



Year	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030	2031	2032	2033	2034	2035	2036	2037	2038	2039	2040	2041	2042	2043	2044	2045	2046	2047	2048	2049	2050	2051	2052	2053	2054	2055	2056	2057	2058	2059	2060	2061	2062	2063	2064	2065	2066	2067	2068	2069	2070	2071	2072	2073	2074	2075	2076	2077	2078	2079	2080	2081	2082	2083	2084	2085	2086	2087	2088	2089	2090	2091	2092	2093	2094	2095	2096	2097	2098	2099	2100																																																																																																																																																																																																																																																																																	
Population	7.5	7.6	7.7	7.8	7.9	8.0	8.1	8.2	8.3	8.4	8.5	8.6	8.7	8.8	8.9	9.0	9.1	9.2	9.3	9.4	9.5	9.6	9.7	9.8	9.9	10.0	10.1	10.2	10.3	10.4	10.5	10.6	10.7	10.8	10.9	11.0	11.1	11.2	11.3	11.4	11.5	11.6	11.7	11.8	11.9	12.0	12.1	12.2	12.3	12.4	12.5	12.6	12.7	12.8	12.9	13.0	13.1	13.2	13.3	13.4	13.5	13.6	13.7	13.8	13.9	14.0	14.1	14.2	14.3	14.4	14.5	14.6	14.7	14.8	14.9	15.0	15.1	15.2	15.3	15.4	15.5	15.6	15.7	15.8	15.9	16.0	16.1	16.2	16.3	16.4	16.5	16.6	16.7	16.8	16.9	17.0	17.1	17.2	17.3	17.4	17.5	17.6	17.7	17.8	17.9	18.0	18.1	18.2	18.3	18.4	18.5	18.6	18.7	18.8	18.9	19.0	19.1	19.2	19.3	19.4	19.5	19.6	19.7	19.8	19.9	20.0	20.1	20.2	20.3	20.4	20.5	20.6	20.7	20.8	20.9	21.0	21.1	21.2	21.3	21.4	21.5	21.6	21.7	21.8	21.9	22.0	22.1	22.2	22.3	22.4	22.5	22.6	22.7	22.8	22.9	23.0	23.1	23.2	23.3	23.4	23.5	23.6	23.7	23.8	23.9	24.0	24.1	24.2	24.3	24.4	24.5	24.6	24.7	24.8	24.9	25.0	25.1	25.2	25.3	25.4	25.5	25.6	25.7	25.8	25.9	26.0	26.1	26.2	26.3	26.4	26.5	26.6	26.7	26.8	26.9	27.0	27.1	27.2	27.3	27.4	27.5	27.6	27.7	27.8	27.9	28.0	28.1	28.2	28.3	28.4	28.5	28.6	28.7	28.8	28.9	29.0	29.1	29.2	29.3	29.4	29.5	29.6	29.7	29.8	29.9	30.0	30.1	30.2	30.3	30.4	30.5	30.6	30.7	30.8	30.9	31.0	31.1	31.2	31.3	31.4	31.5	31.6	31.7	31.8	31.9	32.0	32.1	32.2	32.3	32.4	32.5	32.6	32.7	32.8	32.9	33.0	33.1	33.2	33.3	33.4	33.5	33.6	33.7	33.8	33.9	34.0	34.1	34.2	34.3	34.4	34.5	34.6	34.7	34.8	34.9	35.0	35.1	35.2	35.3	35.4	35.5	35.6	35.7	35.8	35.9	36.0	36.1	36.2	36.3	36.4	36.5	36.6	36.7	36.8	36.9	37.0	37.1	37.2	37.3	37.4	37.5	37.6	37.7	37.8	37.9	38.0	38.1	38.2	38.3	38.4	38.5	38.6	38.7	38.8	38.9	39.0	39.1	39.2	39.3	39.4	39.5	39.6	39.7	39.8	39.9	40.0	40.1	40.2	40.3	40.4	40.5	40.6	40.7	40.8	40.9	41.0	41.1	41.2	41.3	41.4	41.5	41.6	41.7	41.8	41.9	42.0	42.1	42.2	42.3	42.4	42.5	42.6	42.7	42.8	42.9	43.0	43.1	43.2	43.3	43.4	43.5	43.6	43.7	43.8

3. LEMBRAS CANDO FOI...?



A. Lembras cando tiveron lugar estes acontecementos? Entre toda a clase facede memoria e pensade o que faciades vós nesas datas. Logo valorade estes feitos, comentando se estades de acordo ou non e porque.



- En xaneiro de 2002: comezou a usarse o euro na Unión Europea.
- En 1997: moitos países do mundo asinaron o Protocolo de Kioto como medida contra o cambio climático.
- En 1975: fundouse nos EE.UU. a multinacional Microsoft que fabricou o sistema operativo Windows e que se dedica ás TIC.
- En 1997: fíxose a primeira clonación da ovella Dolly.
- En 1969: un humano pisou a lúa por primeira vez.

Podes usar estas expresión para dicir se estás de acordo con algo ou non:

Estar de acordo con*...+ substantivo

*recorda a contracción con + o/a/os/as

Estou de acordo coa introdución do euro na UE porque é máis doado para viaxar pero **non estou de acordo coa** suba dos prezos que se produciu..

Parecer ben / mal...

+ infinitivo
+ substantivo

Paréceme ben frear o cambio climático e **paréceme moi mal** a decisión dalgúns países que non se implican nisto.

Eu creo / coido que está mal / ben

+ infinitivo
+ substantivo

Eu coido que está ben avanzar no campo das tecnoloxías da comunicación pero **creo que non está ben** o uso desleal entre países destas novas técnicas.

B. Lembras algún outro episodio transcendental ou significativo para a historia? Fai oracións coma as anteriores con feitos que ti consideres relevantes.

.....

.....

.....

.....

.....



C. En parellas pescudade o acontecemento relacionado con Galicia que creades que foi o máis importante dos últimos 25 anos. Cada grupo debe expoñerlle a súa escolla ao resto da aula e explicar os seus motivos. Despois, entre toda a clase, debedes elixir os dous feitos que consideredes máis relevantes de todos os escoitados. Quen presentou o acontecemento máis importante? E o máis abraiante?

O verbo: xerundio e participio

O **xerundio** caracterízase por ter as seguinte terminacións:

cant-**ando**
com-**endo**
viv-**indo**

O **participio** caracterízase por rematar en:

cant-**ado**
com-**ido**
viv-**ido**

Pero algúns verbos teñen un participio irregular:

Facer: (non *facido), feito

Ou incluso dúas formas diferentes de facer o participio; unha regular e outra irregular:

Imprimir: imprimido, impreso

Expresa accións simultáneas ou en desenvolvemento:

A miña irmá sorprendeume **empaquetando** o seu agasallo de aniversario.

Este ano estou **estudando** o segundo curso.

Escollede a roupa que ides levar **pensando** no tempo que vai facer alí.

Expresa acción rematadas e pode funcionar como un adxectivo. Neste último caso concorda en xénero e número co nome ao que se refire.

Xa está **feito** o traballo que me mandaches para hoxe.

O pantalón que máis me gusta é o **descosido**.

4. Tony leva poucos meses traballando en Galicia e non sabe usar ben o idioma. Quere deixarlle unha nota ao seu compañeiro de piso pero... aínda ten algúns problemas cos verbos! Pódeslle axudar a poñer correctamente os infinitivos, os xerundios e os participios?

Ola Henrique! Non **estar** na casa. Hoxe quedo no traballo currado ata máis tarde porque teño que rematando o proxecto. Deixo a roupa colganda e o salón ordenando. Tamén deixo eu a comida preparanda para que teñas todo listo para cear. Agora estou mirado para a neveira mentres estou escrito esta nota, está case baleira: lembra ir ao supermercado. A que estou facido un compañeiro de luxo! Deica, Tony!

XXX

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

FONÉTICA E ORTOGRAFÍA

A ACENTUACIÓN III: as esdrúxulas

Como seguro que xa sabes, as palabras esdrúxulas son as que teñen tres sílabas (ou máis) e a forza de voz recae na antepenúltima delas. Acentualas é moi sinxelo porque sempre levan acento gráfico.

*cómoda**médico**húmido**víchelo?**comérona*

5. Ultimamente a Iolanda non lle saen as palabras!

Bótalle unha man e ordena estas sílabas para construír as palabras nas que está pensando. Logo acentúa as que sexan esdrúxulas.

o corpo humano:

.....

.....

.....

o tempo:

.....

.....

.....

a casa:

.....

.....

.....

a comida:

.....

.....

.....

o corpo humano: [es ma go to] [pes zo co]
[be ca za] [ca lo be]

o tempo: [co mer res] [ma ve ra pri]
[ma dru da ga] [ne a bo]

a casa: [da vi ven] [ra xe ga] [me co dor]
[co ña ci] [pa lam da]

a comida: [ten ra rei] [ta ca pa]
[ce ría no] [te len llas] [pla no ta]

Lembras as formas dos
pronomes átonos e a súa
colocación?

Repara en que a maioría das veces,
cando unimos estes pronomes aos
verbos, convértense en palabras
esdrúxulas e hai que poñerlles acen-
to gráfico na antepenúltima sílaba.

Acaba de saír o meu curmán
pola porta. Víchelo?

6. Responde estas preguntas utilizando o verbo e mais o pronome átono.

Fixeches a cama? Fíxena

Recolleron a curmá no aeroporto? Recollérona.


Vistes entrar a nena na casa?

Lavastes a louza do xantar?

Fixeches os deberes que traías para hoxe?

Comemos agora a froita?

Colliches as cousas que che deixei no cuarto?





GALEGO EN ACCIÓN

7. O BAÚL DOS RECORDOS

A. Cando Helena lle estaba a ensinar o seu álbum a unha amiga nova caéronlle todas as fotos ao chan! Axúdaslle a poñer en orde a súa vida?



Toda unha artista co clarinete.



Perigo! Novata na oficina.



Festa rachada na vila.



Cos colegas, antes da aventura!




Amor a primeira vista.



Antón xa é todo un homiño.



Estreando casa e esperando familia.



Por fin nadadora!



Mans á obra, comeza o curso!

Eu creo que Helena primeiro ...

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Para narrar a orde en que pasaron as cousas podes utilizar:

Primeiro...	Logo...
En primeiro lugar...	Despois...
Segundo...	Daquela...
Terceiro...	E por último...

Daquela aínda non viviamos aquí. Explícoche como foi: primeiro estiven casada 2 anos, en segundo lugar comecei a traballar, logo viñemos vivir á cidade e despois tivemos a Xoán. E por último, como o piso anterior era moi pequeno para os tres, mercamos esta casa. Xa entendiches como foron as cousas?



B. Escoita o que ela mesma nos conta e comproba se a súa vida é como ti a imaxinaches.

8. COUSAS DA VIDA



A. Seguro que houbo acontecementos e experiencias que marcaron a túa vida e das que te lembras moi ben. Pensa nesas cousas e cóntallas á clase para que as anote.

vivín soa por primeira vez...

fun vivir a...

comecei a estudar...

rematei os meus estudos da universidade...

empecei a traballar...

traballei como...

casei...

divorcieime...

estiven de viaxe en....

viaxei a...

aprendín a tocar o...

coñecín o meu mozo / a miña moza

a miña muller / o meu home

o meu compañeiro / a miña compañeira

a miña parella ...

naceu o meu fillo / a miña filla

En 1994 rematei os meus estudos universitarios e en 1996 naceu a miña filla maior.

Para falar do pasado...

Lembro cando..., non recordo cando...

Aos ... anos

Cando tiña ... anos

De neno/a, de novo/a, de maior

Ao rematar a carreira...

Vivín en Londres durante 2 meses.

Viviu en Londres desde 1986 ata 1990.

Isto pasou nos 80.

Foi o ano en que naceu...

Foi a época en que a coñecín.

	Familia e relacións	Estudos	Traballo	Viaxes e experiencias	Outras actividades
1985		Eva comezou os seus estudos na universidade			Xoán aprendeu a tocar o piano



B. Tivestes vidas moi diferentes? Comparade as diferenzas e semellanzas que hai entre os vossos pasados.

9. DE QUEN VÉN SENDO... ?



En parellas escollede un personaxe, un edificio ou un lugar famosos. Investigade un pouco para darlle ao resto da clase 10 pistas. Tamén vos poden facer preguntas!

**Estas son as nosas 10 pistas.
Quen é máis lixeiro en responder?**

1. Posúe a forza dun titán.

2. Está vinculado á arte.

3. A súa mascota é un can.

4. Ten un aspecto pouco usual.

5. O seu irmán xemelgo vive en Nova York.

6. Cambia de cor segundo lle dá a luz.

7. Gústalle ir de *pintxos*.

8. Vive ao carón dunha ría.

9. É biscaíño, é dicir, é procedente do País Vasco.

10. É o museo máis importante de Bilbao.



➤ B. Nesta canción descríbese cal era a situación en España durante a ditadura franquista. Cres que nesta situación sería legal falar galego?

➤ C. Imaxina as cousas que non se podían facer ou que non había hai 50 anos e agora si.

ANTES	AGORA
<i>Antes non había tanta liberdade coma agora.</i> 	Agora hai máis posibilidades de expresar opinións.
<i>A xente non podía publicar en galego os seus libros porque case non existían editoriais.</i> 	Agora a xente pode publicar as cousas que escribe ou difundilas pola internet.

➤ D. En Galicia fálase galego e castelán. Sabes cal das dúas linguas é a que fala máis xente? Pensas que pode haber algunha diferenza segundo a idade das persoas ou o lugar en que viven? Pídelle ao teu profesor ou profesora información sobre isto.

➤ F. Coñeces outros lugares do mundo onde haxa máis dunha lingua oficial? E no teu país?

CONTIDO SOCIOCULTURAL

10. A. Le este texto e fíxate nas cousas que non poderías facer se vivises nese lugar.

Bando

Prohíbese, por orde da Alcaldía,
que medren porque si
as rosas do xardín municipal.
Dende agora as pombas teñen
que pedir licenza para voar.
Prohíbese á lúa
andar ceiba de noite polo ceo.
A lúa é unha tola que anda espida
dando mal exemplo ás nenas castas
e aos fillos de familia.
Pagarán trabucos os poetas.
Prohíbese soñar de 10 a 11.
Prohíbese tamén derramar bágoas.
Pódese chorar tan só cando hai *sequía*
para que non fiquen baleiros os pantanos.
Un só se pode emocionar
os xoves e domingos
cando toca
a Banda do Concello no quiosco.
Están fóra da Lei
as estrelas, a primavera,
as flores e os paxaros.
Dáse este bando en tal e cal
para que se cumpra
de orde do Alcalde.

Letra de Manuel María,
musicado polo grupo "A Quenlla"



—Eu quixera falar galego nos mitins, pero non sei.
—O que non sabes ti é o castelán.

(Castelao: *Cousas da vida*. IV)



11. Vaste presentar ás probas dun grupo de teatro e pídenche que lles contes algo sobre a túa vida e a túa formación. Escribe unha carta en que fales sobre ti seguindo este guión.

- Datos persoais.
- Acontecementos máis relevantes da túa vida.
- Formación ou estudos.
- Experiencia.

12. Estas liñas que tes a continuación son os posibles finais de dúas historias. Pero estas inda non existen, así que debes ser ti quen as imaxine. Elixo un fragmento e invéntalle o seu comezo. A narración debe ter 150 palabras e estar escrita en pasado (con pretéritos e copretéritos).

Final A.

...por iso, naquel preciso instante, as árbores daquel solitario e escuro bosque souberon o misterio que levou as súas raíces ata a unha terra afastada nalgún lugar da terra, onde os seus habitantes cambiaban a cor da pel cada tres días, os paxaros só eran quen de voar os días festivos e as baleas enfeitizaban os estranxeiros cos seus cantos.

Final B.

...Claro! Aínda non sabía o motivo, pero xa entendía o que pasaba: repetía unha e outra vez a mesma rutina porque o seu día era exactamente o mesmo dende había unha semana.

Comprender
Falar
Ler
Escribir

[illegible][illegible][illegible][illegible][illegible][illegible]